

DECRETO 2024 -

**DECRETO DO SR. ALCALDE
D. CLAUDIO M. GARRIDO MARTÍNEZ.**

En virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, veño en **RESOLVER**:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases de selección para o servizo de Conciliación escolar. Programa SarriaConcilia 2024/2025

**BASES DO PROGRAMA CONCILIACIÓN ESCOLAR SARRIA CONCILIA 2024/2025
CONCELLO DE SARRIA**

1.- OBXECTO

A presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento do programa municipal de conciliación escolar 2024/2025, Sarria Concilia.

Este programa consiste na ampliación do tempo de apertura dos centros educativos CEIP Frei Luis de Granada, CEIP Antonio Fernández López de Oural e EEI Xela Arias, fora do seu horario lectivo coa finalidade de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, permitindo ás nais e pais que inician ou rematna a súa xornada laboral fora do horario das actividades lectivas dos centros escolares, deixar ás súas fillas e fillos no recinto escolar con profesionais que se farán cargo deles ata o comezo das clases.

As actividades que se leven a cabo relacionaranse con áreas lúdicas e socio-culturais, e facilitarán el desenvolvemento persoal e social das e dos menores. O fomento da igualdade de xénero, xunto coa eliminación das desigualdades, é unha das prioridades do programa. Abordaranse estes temas desde diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas.

As accións contempladas no Programa Sarria Concilia levaranse a cabo por un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de lecer e tempo libre e en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O Concello de Sarria adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar unha participación en igualdade de condicións no acceso ao programa.

2.- DESTINATARIAS/OS. REQUISITOS

O programa de conciliación Sarria Concilia está destinado a aquelas nenas e nenos nados entre os anos 2012-2021 (ambos inclusive) e que cumpran os seguintes **requisitos**:

- a) Menores escolarizadas/os nos centros públicos do Concello de Sarria
- b) Situación de activo laboral de ambos proxenitores ou titores legais
- c) Familias monomarentais ou monoparentais en situación de activo laboral. Nos supostos de separación ou divorcio atenderase a que este requisito se cumpra respecto do/a proxenitor/a que a se atope a cargo da/o menor.



d) Familias que acrediten, mediante informe técnico dos S. Sociais de atención primaria do Concello de Sarria, a necesidade de apoio no coidado das e dos menores no horario previo á entrada do colexio (as mañás do cole) ou da tarde (as tardes do cole). Reservarase un 5% das prazas para este colectivo.

No caso de que o/a menor precise apoio derivado da súa diversidade funcional, deberá facelo constar na folla de inscrición, **especificando o máis posible as necesidades especiais que presente.**

No caso de solicitantes con necesidades especiais ou necesidades específicas de apoio educativo, realizarase unha valoración en función de ditas necesidades, da capacidade do Concello de Sarria, do funcionamento e da organización do Programa, para decidir se é viable ou non a súa participación.

3.- DESCRIPCIÓN DO CAMPAMENTO

3.1.- DATAS E LUGAR

O programa de conciliación Sarria Concilia levarase a cabo nos centros educativos CEIP Frei Luis de Granada, CEIP Antonio Fernández López de Oural e a EEI Xela Arias todos os días lectivos do curso, dende o 11 de setembro de 2024 ata o 20 de xuño de 2025, segundo o calendario escolar aprobado pola *ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 80, do 23 de abril de 2024).*

Sarria Concilia, no marco do Plan Corresponsables, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (*RESOLUCIÓN do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B)*), durante o curso escolar 2024-2025, consiste en:

- Servizo de aula matinal “As mañás do cole”: servizo de atención ao alumnado de ata 12 anos de idade, antes do inicio da actividade lectiva, no que se desenvolven actividades de almorzo (facilitado polas familias), de vixilancia e de atención educativa.
- “As tardes do cole”: servizo destinado ao coidado de menores no horario extraescolar. Ofrece apoio ás/aos proxenitores que por motivos laborais así o requiran de maneira que poidan armonizar todas as esferas da vida persoal, familiar e laboral.

3.2- PRAZAS

Ofértanse un total de 120 prazas para o servizo de aula matinal “As mañás do cole”, e de 160 prazas para o servizo “As tardes do cole”, distribuídas por centro educativo, como se detalla a continuación:

	CEIP FREI LUIS DE GRANADA	CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ (OURAL)	EEI XELA ARIAS
AS MAÑÁS DO COLE	60	20	40
AS TARDES DO COLE	100	20	40



3.2.- HORARIO

O horario de funcionamento será o que a continuación se detalla:

	CEIP FREI LUIS DE GRANADA	CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ (OURAL)	EEl XELA ARIAS
AS MAÑÁS DO COLE	07:30h a 08:45h	07:30h a 09:30h	07:30h a 09:30h
AS TARDES DO COLE	14:30h a 18:30h	15:30h a 17:30h	15:30h a 17:30h

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1 NORMAS PARA CUBRIR OS IMPRESOS

A solicitude de praza ou prazas, as autorizacións e as observacións médicas deberán estar asinadas, polas/os proxenitores/as ou representantes legais do/a menor.

A falta de sinatura en cada un dos impresos será motivo de non admisión.

4.2 LUGAR E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DA DOCUMENTACIÓN

O modelo de solicitude (anexo I) e as autorizacións (anexo II e III) estarán dispoñibles no Rexistro Xeral do Concello de Sarria e na súa páxina web, así nas páxinas web dos centros educativos CEIP Frei Luis de Granada, CEIP Antonio Fernández López de Oural e a EEI Xela Arias.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sarria de luns a venres de 9:00h a 14:00h; a través da sede electrónica dende as 00:00h do día en que se abre o prazo ata as 23:59h do día en que acaba, ou mediante calquera outro dos procedementos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.3 PRAZOS

- Prazo de presentación de solicitudes: **do 19 ao 23 de agosto**, ambos incluídos. De quedaren prazas libres, poderanse apuntar unha vez finalizado o prazo.
- Publicación da listaxe provisional de solicitudes admitidas: **29 de agosto**
- Emenda de faltas ou presentación do documentación preceptiva: **do 30 de agosto ao 3 de setembro**
- Publicación da listaxe definitiva de alumnado admitido: **5 de setembro**
- Prazo do pagamento: **desde a publicación da listaxe definitiva ata o 11 de setembro (inicio do curso escolar).**

A FALTA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA, SUPORÁ A RENUNCIA IMPLÍCITA Á PRAZA.

4.4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

-Solicitude de praza ou prazas asinada pola nai/pai ou titor/a legal (anexo I). **No caso de solicitar praza para varios irmáns ou irmás, presentarse unha única solicitude cos datos dos/as menores.**



- Copia do DNI/NIE da nai/pai ou titor/a legal (*non é necesario presentar no caso de que as ou os menores participasen nos programas de conciliación escolar 2023/2024, na Ludoteca de Nadal 2023-2024 ou na Ludoteca de Verán 2024*)
- Copia do libro de familia ou DNI/NIE do/a menor (*non é necesario presentar no caso de que as ou os menores participasen nos programas de conciliación escolar 2023/2024, na Ludoteca de Nadal 2023-2024 ou na Ludoteca de Verán 2024*)
- Copia da tarxeta sanitaria do/a menor ou seguro médico privado (*non é necesario presentar no caso de que as ou os menores participasen nos programas de conciliación escolar 2023/2024, na Ludoteca de Nadal 2023-2024 ou na Ludoteca de Verán 2024*)
- Copia da declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2023 (presentado no 2024) de ambos proxenitores ou titores legais. No caso de que algún dos seus membros non tivera obrigaón de contribuír deberá presentar documento acreditativo do nivel de rendas do ano 2023 emitido pola Axencia Tributaria.
- Xustificación da ocupación actualizada dos proxenitores ou titores legais:
 - No caso de traballadores/as por conta allea: copia da cabeceira da última nómina, certificación de empresa, vida laboral ou calquera outro tipo de documentación que acredite dita situación.
 - No caso de traballadores/as autónomos/as: último recibo do pagamento da cota á seguridade social no réxime especial de traballadores por conta propia.
 - No caso de estar realizando un curso de formación, o xustificante oficial do curso.
- No caso de **familias monomarentais ou monoparentais** (un único responsable familiar, xa sexa por razón de recoñecemento legal por un só proxenitor/a, por viuvez, por divorcio ou por abandono), acreditarase mediante:
 - Certificado de familia monomarental ou monoparental
 - Libro de Familia
 - Documento oficial ou sentenza xudicial de separación ou divorcio que acredite a existencia dun só proxenitor a cargo da/o alumna/o. Non se considerará válida a acreditación da monoparentalidade ou monomarentalidade mediante presentación de demandas de separación ou divorcio, salvo que esta se refira ao ano de presentación da solicitude.
- No caso de separación copia da/divorcio, senteza para acreditar o réxime de custodia.
- No caso das vítimas de VX ou doutras formas de violencia contra a muller, a acreditación da situación de violencia de xénero realizarase mediante algúns dos documentos recollidos no artigo 23 da L.O. 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Autorizacións asinadas pola nai/pai ou titor/a legal (anexo II e anexo III, de ser o caso).

O CONCELLO DE SARRIA PODERÁ REQUIRIR EN CALQUERA MOMENTO, DURANTE O PERÍODO DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE, DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SITUACIÓN LABORAL DAS/OS PROXENITORAS/ES OU TITORAS/ES LEGAIS.



5.- PREZO

O prezo será de **8,86€** por menor e por cada un dos servizos solicitados (aula matinal “As mañás do cole “ e “As tardes do cole”), segundo establece a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestacións de servizos na Escola Municipal de Música e Talleres culturais e outros ensinos do Concello de Sarria (*BOP de Lugo, núm. 18, do 23 de xaneiro de 2014*).

	MENSUAL	QUINQUEMESTRAL	ANUAL
As mañás do cole	8,86€	44,30€	88,60€
As tardes do cole	8,86€	44,30€	88,60€
As mañás do cole + As tardes do cole	17,72€	88,60€	177,20€

6.-PROCEDEMENTO PARA ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS.

- No procedemento de adxudicación das prazas restantes consideraranse como criterios de valoración, os seguintes:

- O nivel de renda e as cargas familiares das/os solicitantes (*art. 6 da Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021- 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B)*).

Os criterios para a determinación da renda aparecen recollidos no anexo IV destas bases.

- Terán carácter prioritario as situacións de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, así como as familias monomarentais ou monoparentais.

- En caso de empate nas puntuacións outorgadas, conforme aos criterios de valoración anteriores, as prazas adxudicaránse segundo a orde de presentación da documentación no Rexistro.

7.- TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento de concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, corresponde ao alcalde ou a XGL. Unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirase o oportuno informe, que dará lugar á resolución provisional de solicitudes admitidas na que se detallarán, ademais as solicitudes obxecto de exclusión e as solicitudes nas que se deba emendar algunha falta ou defecto na presentación de documentación.

Concluído o prazo de cinco días hábiles desde a da publicación da resolución provisional de solicitudes admitidas e unha vez revisada a documentación achegada, resolverase a presente convocatoria. A competencia para a resolución do procedemento desta convocatoria, é do Alcalde-Presidente. A resolución definitiva de solicitudes admitidas, notificarase aos interesados mediante a súa exposición nas páxinas webs do Concello de Sarria e dos centros educativos CEIP Frei Luis de Granada, CEIP Antonio Fernández López de Oural e a EEI Xela Arias, así como a través das súas ANPAS.



A resolución definitiva de solicitudes admitidas, notificarase aos interesados mediante a súa exposición na páxina web do Concello de Sarria www.sarria.gal e nas secretarías dos centros educativos.

8.- PAGAMENTO

O pagamento pode realizarse mediante a **domiciliación bancaria, mediante transferencia ou ingreso** na seguinte conta bancaria de titularidade municipal:

ABANCA: ES11 2080 0143 3131 1000 0063

Na transferencia ou ingreso débese indicar claramente no CONCEPTO: Conciliación escolar 2023-2024, nome e apelidos da/s ou do/s participante/s e o/s servizo/s solicitado/s (as mañás do cole e/ou as tardes do cole). Así como o tipo de pagamento: mensual, quinquemestral ou anual.

O XUSTIFICANTE DA TRANSFERENCIA OU INGRESO ENTREGARASE AO INICIO DO SERVIZO, NUN PRAZO MÁXIMO DE 7 DÍAS DESDE O SEU COMENZO.

NO CASO DE AUTORIZAR A DOMICILIACIÓN BANCARIA DO PAGAMENTO, ACHEGARASE CERTIFICADO DO NÚMERO DE CONTA BANCARIA, OU NO SEU DEFECTO A COPIA DA FOLLA DA CARTILLA BANCARIA ONDE APAREZA O CÓDIGO DA CONTA E DEMAIS DATOS DA CONTA CORRENTE SELADOS POLO BANCO.

A FALTA DE PAGAMENTO, IMPLICARÁ A PERDA DA PRAZA NO PROGRAMA E A SÚA OCUPACIÓN POR UN/UNHA INTEGRANTE DA LISTAXE DE AGARDA.

9.- LISTAXE DE AGARDA, RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

As persoas que obtiveran praza no programa e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro do Concello de Sarria

As vacantes que se produzan por renuncia, por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por calquera outro motivo, ofreceránselles aos solicitantes que figuren na listaxe de agarda tendo en conta a orde establecida. As renuncias non se incluírán nesta listaxe.

Contactarase cos e cas suplentes por teléfono.

Unha vez adxudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico e no caso de producirse antes do comezo do mes.

UN MÁXIMO DE CINCO FALTAS MENSUAIS INXUSTIFICADAS MENSUAIS LEVARÁN CONSIGO A PERDA DA PRAZA NO PROGRAMA E A SÚA OCUPACIÓN POR UN/UNHA INTEGRANTE DA LISTAXE DE AGARDA.

10.- PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación das presentes bases, xunto coa correspondente convocatoria, realizarase nas páxinas webs do Concello de Sarria e dos diferentes centros educativos. Poderán solicitarse tamén a través das súas ANPAS.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo



dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Sarria, na data da sinatura electrónica na marxe.

O alcalde,



ANEXO

PROGRAMA: CONCILIACIÓN ESCOLAR SARRIA CONCILIA 2024/2025

DATAS DE CELEBRACIÓN: do 11 de setembro ao 20 de xuño conforme o calendario do curso escolar 2023-2024, aprobado pola *ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 80, do 23 de abril de 2024).*

HORARIO:

	CEIP FREI LUIS DE GRANADA	CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ (OURAL)	EEI XELA ARIAS
AS MAÑÁS DO COLE	07:30h a 08:45h	07:30h a 09:30h	07:30h a 09:30h
AS TARDES DO COLE	14:30h a 18:30h	15:30h a 17:30h	15:30h a 17:30h

LUGAR DE CELEBRACIÓN: centros educativos CEIP Frei Luis de Granada, CEIP Antonio Fernández de Oural e a EEI Xela Arias

NUMERO DE PRAZAS:

DESTINATARIOS/AS: nenas e nenos, nados entre os anos 2012-2021 (ambos inclusive), escolarizados nos centros públicos do Concello de Sarria.

PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES: do 19 ao 23 de agosto de 2024.

- Publicación provisional da listaxe de solicitudes admitidas: 29 de agosto
- Emenda de faltas ou presentación do documentación preceptiva: do 30 de agosto ao 3 de setembro
- Publicación da listaxe definitiva de alumnado admitido: 5 de setembro
- Prazo do pagamento: desde a publicación da listaxe definitiva ata o 11 de setembro (inicio do servizo).

COSTE DO/S SERVIZO/S:

	MENSUAL	QUINQUEMESTRAL	ANUAL
As mañás do cole	8,86€	44,30€	88,60€
As tardes do cole	8,86€	44,30€	88,60€
As mañás do cole + As tardes do cole	17,72€	88,60€	177,20€





ANEXO I

PROGRAMA CONCILIACIÓN ESCOLAR SARRIA CONCILIA 2024/2025
CONCELLO DE SARRIA

FICHA DE INSCRIPCIÓN

DATOS DO/A MENOR OU MENORES

DNI: _____

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: _____

Centro educativo no que está matriculada/o: _____

DATOS DO PROXENITOR/A OU TITOR/A 1

DNI/NIE: _____

Nome e apelidos: _____

Teléfonos de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

DATOS DO PROXENITOR/A OU TITOR/A 2

DNI/NIE: _____

Nome e apelidos: _____

Teléfonos de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

SERVIZOS QUE SOLICITA:

 AULA MATINAL “AS MAÑÁS DO COLE” “AS TARDES DO COLE”

OUTROS DATOS:

Ten necesidades educativas especiais:

En caso afirmativo indica a atención específica que require o/a menor:

Ten algunha intolerancia alimentaria:

En caso afirmativo indicar cales:



DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- Copia do DNI/NIE dos proxenitores ou titores legais
- Copia do libro de familia ou DNI/NIE do/a menor.
- Copia da tarxeta sanitaria do/a menor ou seguro médico privado.
- De ser o caso, certificado ou documentación acreditativa da situación de familia monomarental ou monoparental.
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores ou titores legais (un dos seguintes: vida laboral, recibo de autónomos ou cabeceira de nómina recentes, xustificante oficial do curso, ...)
- Aos efectos de valoración do nivel de renda: declaración da renda do ano 2023, ou documento acreditativo do nivel de rendas do ano 2023 emitido pola Axencia Tributaria.
- Documentación xustificativa doutras situacións familiares.

■ DOMICILIACIÓN BANCARIA

Nº de conta -IBAN: ES _____

Como representante legal do/a menor arriba indicado/a, SOLICITO a súa inscrición no Programa de conciliación escolar SarriaConcilia do Concello de Sarria.

Sarria, de agosto de 2024.

(Sinatura do pai/nai/titor/a ou representante legal)

Os datos de carácter persoal recollidos no presente formulario serán incorporados e tratados nun ficheiro do que é titular o Concello de Sarria. O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos aportados e comprométese a probalos documentalmente se así se lle solicita. A inexactitude ou falsidade dos datos aportados determinará a imposibilidade de participar no Programa, sen prexuízo das consecuencias legais que puideran derivarse de dita actuación.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o Concello de Sarria garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos datos recollidos neste formulario e comprométese a non utilizalos para fins que non sexan os estritamente necesarios para a realización do seu labor. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido ao Concello de Sarria, ou ben ante á Delegada de Protección de Datos mediante a remisión dun correo electrónico a dpd@sarria.gal



ANEXO II

PROGRAMA CONCILIACIÓN ESCOLAR SARRIA
CONCILIA 2024/2025
CONCELLO DE SARRIA

AUTORIZACIÓN

Don/Dona _____,
con DNI/NIE _____, como nai, pai ou titor legal da/o
menor _____

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES

Como (pai, nai, titor/a) da nena/o solicitante, autorizo a asistencia a dita actividade, incluíndo as saídas que se programen e declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar na mesma.

 AUTORIZO **NON AUTORIZO**

AUTORIZACIÓN PARA A CONSULTA DE DATOS

 AUTORIZO **NON AUTORIZO**

O Concello de Sarria, poderá realizar a consulta dos seus datos persoais necesarios para a tramitación desta solicitude, sempre garantindo un uso responsable dos mesmos e a súa confidencialidade.

No caso de non autorizar será necesario achegar un certificado de empadramento actualizado con menos dun mes de antigüidade, así como calquera outra documentación que poida ser necesaria para a inscrición.

AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES POLO CONCELLO DE SARRIA

Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei 7/2017, de 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, este Concello pide o consentimento aos proxenitores ou titores legais para poder utilizar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo, que con carácter pedagóxico, cultural e deportivo, se poidan realizar ás/aos nenas/os, nas diferentes secuencias e actividades realizadas polo concello.

 AUTORIZO **NON AUTORIZO**

Sarria, de agosto de 2024.

(Sinatura do pai/nai/titor/a ou representante legal)



ANEXO III

PROGRAMA CONCILIACIÓN ESCOLAR SARRIA CONCILIA 2024/2025
CONCELLO DE SARRIA

AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA

Dona/Don _____, con

DNI/NIE _____, como proxenitor ou titor/a legal

de: _____

Autorizo para a recollida da miña filla/o do programa de conciliación escolar SarriaConcilia a:

1. _____ con

DNI/NIE _____

2. _____ con

DNI/NIE _____

3. _____ con

DNI/NIE _____

4. _____ con

DNI/NIE _____

5. _____ con

DNI/NIE _____

Sarria, de agosto de 2024.

(Sinatura do pai/nai/titor/a ou representante legal)

Os datos de carácter persoal recollidos no presente formulario serán incorporados e tratados nun ficheiro do que é titular o Concello de Sarria. O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade a veracidade dos datos aportados e comprométese a probalos documentalmente se así se lle solicitase. A inexactitude ou falsidade dos datos aportados determinará a imposibilidade de participar no Programa, sen prexuízo das consecuencias legais que puideran derivarse de dita actuación.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o Concello de Sarria garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos datos recollidos neste formulario e comprométese a non utilizalos para fins que non sexan os estritamente necesarios para a realización do seu labor. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido ao Concello de Sarria, ou ben ante á Delegada de Protección de Datos mediante a remisión dun correo electrónico a dpd@sarria.gal



ANEXO IV PROGRAMA CONCILIACIÓN ESCOLAR SARRIACONCILIA 2024/2025 CONCELLO DE SARRIA

CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA RENDA

- **Renda per cápita da unidade familiar:** é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2023 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2023, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (certificado de imputacións).

- **Membros computables da unidade familiar:** terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) *As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras do alumnado.*

b) *Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.*

c) *Os/as fillos/as maiores de idade, discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.*

d) *Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.*

e) *As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.*

f) *A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.*

- **Cando non exista vínculo matrimonial,** a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

- **Non terá a consideración de membro computable:**

a) *A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.*

b) *O agresor nos casos de violencia de xénero.*

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2023, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.



SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación na web do concello a efectos de que comece o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes polas/os interesadas/os.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria ao amparo do art. 42 do ROF, para os efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos no art. 22.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Así o manda e o asina o Sr. Alcalde, na data da sinatura á marxe, do que dou fe.

